

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN AMIGÓ NO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR EN CASOS DE VIOLENCIA FILIO-PARENTAL NAS CIDADES DA CORUÑA, LUGO E VIGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude formaliza coa Fundación Amigó o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Amigó para o financiamento dun programa de intervención familiar en casos de violencia filio-parental nas cidades da Coruña, Lugo e Vigo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Primeiro.- A Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude desta competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Segundo.- A Consellería de Política Social e Xuventude, ao abeiro do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social incluíndo, entre outras, as políticas de familia e menores.

Terceiro.- O artigo 38. e) da citada Lei 3/2011, do 30 de xuño, prevé entre os principios reitores da actuación dos poderes públicos de Galicia no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e á adolescencia, o estudo da problemática da infancia e da adolescencia e a aplicación dos programas e das medidas, tanto preventivas coma paliativas, desde unha perspectiva global.

Cuarto.- De acordo co anterior, xurde o proxecto Convivindo que se basea na constatación dunha necesidade educativa e social emerxente: a existencia de nenos, nenas e adolescentes que no seu proceso de maduración e socialización, encontran dificultades de xeito acentuado no seu medio familiar, usando como método lícito de resolución de conflitos a violencia.



Quinto.- A finalidade do Proxecto Convivindo é realizar unha abordaxe integral para a prevención e tratamento da violencia filioparental proporcionando orientación e intervención psicoterapéutica ás familias que sofren este tipo de violencia ascendente, a través de dúas liñas de intervención que son, por unha banda, a prevención- sensibilización en relación ás pautas e actuación de cara a evitar os posibles conflitos familiares e, por outra banda, a intervención socieducativa e terapéutica nos supostos nos que xa existen situacións de conflito familiar onde a violencia ascendente, dos/as menores cara aos adultos.

Sexto.- A Fundación Amigó é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Xuventude co número E-5018 e que establece nos seus estatutos que o seu obxecto e finalidade é a investigación, sensibilización, asistencia e cooperación técnica nos campos educativos e sociais para o desenvolvemento humano, a calidade de vida e o melloramento da prevención, asistencia, integración e rehabilitación das persoas excluídas e vulnerables, especialmente dos nenos, nenas e adolescentes que sofren abandono, marxinación, alcoholismo, drogadicción, delincuencia, malos tratos, illamento e pobreza no Estado Español e/ou no estranxeiro.

É importante salientar que a Fundación Amigó conta con experiencia en intervención socioeducativa sobre infancia, adolescencia, mocidade e o ámbito familiar en xeral, e con experiencia específica na temática do presente proxecto, a resolución positiva do conflito familiar.

Sétimo.- A Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Amigó teñen como obxectivo común procurar a prevención e tratamento da violencia filioparental proporcionando orientación e intervención psicoterapéutica ás familias que sofren este tipo de violencia.

Oitavo.- Dado que a Entidade Pública non dispón de medios persoais que lle permitan levar a cabo un programa de estas características, e tendo en conta que esta entidade é a única que desenvolve unha actividade deste tipo, considérase necesario acudir a unha fórmula colaborativa para o desenvolvemento do programa.

A través deste programa as dúas partes establecen o marco dunha colaboración mutua de cara á consecución do obxectivo prioritario deste convenio.

Noveno.- O artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia establece que por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola especificidade dos servizos que presta non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é no presente caso, pois esta entidade é a única que desenvolve unha actividade deste tipo.

O interese social do proxecto que ven levando a cabo a Fundación Amigó xustifica que a axuda se tramite por medio dunha concesión directa, de conformidade co establecido no artigo 19.4 c) da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a través da formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a devandita entidade para o desenvolvemento dun





programa de intervención familiar en casos de violencia filio-parental nas cidades da Coruña, Lugo e Vigo.

Décimo.- A Xunta achega para o desenvolvemento do programa CONVIVINDO durante o ano 2024 a cantidade de 75.000,00 €.

Undécimo.- Este convenio de colaboración terá unha duración dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2024.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos comprendidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura do instrumento convencional que se pretende coa exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

